



O IEM inicia as súas actividades en torno a Valentín Paz-Andrade (1898-1987), a figura que a Real Academia Galega consagrou o Día das Letras Galegas 2012, coa presentación do libro *Valentín Paz-Andrade, a memoria do século XX*, do xornalista, editor e escritor Tucho Calvo. O evento terá lugar este venres 27 de xaneiro ás 20:30 horas na

[Aula de Cultura Ponte de Rosas](#)

. Ademais do autor da obra, o acto contará coa presenza do fillo de Valentín Paz-Andrade e veciño de Gondomar, Alfonso Paz-Andrade e será presentado pola escritora e membro da Xunta de Goberno do IEM Marta Dacosta.

### **A obra**

*Valentín Paz-Andrade, a memoria do século XX*, nace a partir dunha entrevista de Tucho Calvo a Valentín Paz-Andrade a comezos dos anos oitenta, na súa casa de Pousa Nova do Mar, a carón da praia viguesa de Samil.

Co fío dese faladoiro, o autor narra as vivencias de quen tivo unha presenza sobranceira non só na política galega, senón tamén na cultura e no mundo empresarial: viaxeiro incansable que mantivo vivas as relacións co exilio galego; poeta, avogado e xornalista que dirixiu nos anos vinte o diario Galicia e, deica a súa morte, a que hoxe é decana mundial das revistas do sector pesqueiro, *Industrias Pesqueras*; impulsor de *Pescanova*; técnico da F.A.O. que xa en 1960 alertou dos perigos do tema das 200 millas para as flotas españolas; perseguido e represaliado na posguerra; membro da "Comisión de los diez" que negociou a transición co Goberno da UCD e senador por Pontevedra nas Cortes Constituíntes.

O libro a presentar trátase dunha reedición, corrixida e aumentada, editado nesta ocasión por Biblos, a editorial que dirixe o propio Tucho Calvo.

### **Enlaces de interese**

#### **Valentín Paz-Andrade**

[Biografía de Paz-Andrade feita por Isacc Díaz Pardo](#)

[Álbum de imaxes de Paz-Andrade](#)

[Bibliografía de Paz-Andrade](#)

#### **Información do libro**

## Presentación do libro "Valentín Paz-Andrade, a memoria do século XX", de Tucho Calvo.

Escrito por IEM

Martes, 24 Xaneiro 2012 20:25

---

[Editorial Biblos](#)

[Artigo Faro de Vigo: "Valentín Paz-Andrade, a memoria do século XX", una biografía anticipatoria.](#)

[Artigo La Voz de Galicia: Tucho Calvo reedita o seu libro «Valentín Paz-Andrade, a memoria do século XX».](#)

**Tucho Calvo**

[Autobiografía de Tucho Calvo](#) .